

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1210MR	<i>Expediente</i> CON/59/2017	<i>Fecha</i> 23-04-18 09:53

Número 99 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de obras de adecuación de parcela municipal para aparcadoiro público en superficie na Avda. de Ferrol.

Destinatario

15078DCMG1210MR3



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

99.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE ADECUACIÓN DE PARCELA MUNICIPAL PARA APARCADOIRO PÚBLICO EN SUPERFICIE NA AVDA. DE FERROL.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, de data 28 de marzo de 2018. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2018/165 de data 12.4.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Rafael Peña Vidal, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Obras de adecuación de parcela municipal para aparcadoiro público en superficie na Avda de Ferrol", consone ós termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1210MR	CON/59/2017	23-04-18 09:53

Primeiro: Con data 6 de marzo de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL.

Segundo: Con data 27 de marzo seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas SYR-AMG SLU e GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL (CIF: B15411705), por un importe de **78.805,33 euros** (IVE aparte 21%: 16.549,12 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15340 60900-2016/2/APARC/40/1."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas SYR-AMG SLU e GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12IOMR	<i>Expediente</i> CON/59/2017	<i>Fecha</i> 23-04-18 09:53

Segundo: Adxudicar o contrato de "Obras de adecuación de parcela municipal para aparcadoiro público en superficie na Avda de Ferrol" a favor da empresa ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL (CIF: B15411705), por un importe de 78.805,33 euros (IVE aparte 21%: 16.549,12 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director-responsable do contrato a don Diego Briega Argomániz, arquitecto municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15340 60900-2016/2/APARC/40/1.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO**

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

